



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 16 DE XUÑO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dezaseis de xuño do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 15/06/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 321.993,84 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	14/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos para convenio do Programa “Vacacións en Paz 2016”, con traslado de cinco menores saharauis		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI		
NIF/CIF:	G15924558		
Importe:	4.450,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o a modificación ao borrador do <u>convenio de colaboración</u> entre o Concello de Riveira e a Asociación Solidaridade galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do Programa “Vacacións en Paz 2016”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 07/04/2016. Modificación derivada da acollida a 1 neno máis.		

Nº Proposta		2	Data	14/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos para actividades do Programa “Vacacións en Paz 2016”, que modifica o acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/04/2016		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	300,00 €			
Observacións:	Modificación derivada da acollida a 1 neno máis.			

Nº Proposta	3	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material de montaxe e difusión diverso (50 cartelas, 80 carteis, 180 convites, 1 lona 1 vinilo e 400 dípticos), co motivo da celebración da exposición “A Galicia Máxica. Lendas, contos e verdades”		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO J. BESADA MOLINA		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


NIF/CIF:	52930719Z
Importe (IVE incluído):	399,00 €
Observacións	

Nº Proposta		4	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da exposición "A Galicia Máxica. Lendas, contos e verdades"		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	50,00 €			
Observacións				

Nº Proposta	5	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material de montaxe e difusión diverso (30 cartelas, 80 carteis, 150 convites, 1 lona 1 vinilo e 400 dípticos), co motivo da celebración da exposición “Esculturas” de Jontxu Argibay no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO J. BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	366,10 €		
Observacións			

Nº Proposta		6	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da exposición "Esculturas" de Jontxu Argibay no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	80,00 €			
Observacións				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		7	Data	14/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición e reposición de plantas de tempada para diversos espazos públicos do Concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.			
NIF/CIF:	B15847460			
Importe (IVE incluído):	559,00 €			
Observacións				

Nº Proposta		8	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de arquetas e tapas de arqueta para executar a ampliación da rede de abastecemento no lugar de Eirexa (Olveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (13/06/2016)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.			
NIF/CIF:	B15768435			
Importe (IVE incluído):	82,66 €			
Observacións				

Nº Proposta		9	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de tubería e pezas especiais para executar a ampliación da rede de abastecemento no lugar de Eirexa (Olveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (13/06/2016)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.			
NIF/CIF:	A15149271			
Importe (IVE incluído):	1.094,08 €			
Observacións				

Nº Proposta	10	Data	10/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 5 m ³ de formigón para arranxo de beirarrúa nas inmediacións da Praza da Amarella		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			




CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.	
NIF/CIF:	B15025786	
Importe (IVE incluído):	419,88 €	
Observacións		

Nº Proposta		11	Data	10/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 50 m2 de baldosa de beirarrúa, 25 tacos e 5 bordillos, para arranxo de beirarrúa nas inmediacións da Praza da Amarella		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - ALMACENES JUAN PEGO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15972649			
Importe (IVE incluído):	473,41 €			
Observacións				

Nº Proposta		12	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material de cerrallería para habilitar unha valla na Avenida da Coruña		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DIGAR DE ARTES, S.L. - FERROS DO BARBANZA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.			
NIF/CIF:	B15515695			
Importe (IVE incluído):	742,75 €			
Observacións				

Nº Proposta		13	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga		
DESCRICIÓN DO GASTO		Retirada de pneumáticos fóra de uso vertidos de forma incontrolada a carón dun grupo de contedores localizados no lugar de Chacín (Palmeira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.		
NIF/CIF:		B83667725		
Importe (IVE incluído):		290,40 €/t		
Observacións		- O prezo en función do peso - Os pneumáticos foron retirados do punto de vertido e están depositados en		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


	- lugar apto para a súa recollida por parte de xestor autorizado - Unidades: 25 unidades tipo "turismo" + 3 unidades tipo "agrícola traseira" - Estimación (t): 0,650 t - Peso medio pneumático turismo: 8 Qg - Peso aproximado pneumático traseiro agrícola: 150 Qg
--	--

Nº Proposta		14	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de aquarius e auga, co motivo da celebración do Día da Bici		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BODEGAS LA PARRA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	BODEGAS LA PARRA, S.A.			
NIF/CIF:	A15134469			
Importe (IVE incluído):	734,78 €			
Observacións				

Nº Proposta		15	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de pan de molde, queixo e chourizo, co motivo da celebración do Día da Bici		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CIPRIANO CRUJEIRAS MUÑIZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CIPRIANO CRUJEIRAS MUÑIZ			
NIF/CIF:	52459321R			
Importe (IVE incluído):	176,39 €			
Observacións				

Nº Proposta		16	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 96 qg de plátanos, co motivo da celebración do Día da Bici		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MERCABARBANZA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MERCABARBANZA, S.L.			
NIF/CIF:	B15657935			
Importe (IVE incluído):	105,60 €			
Observacións				

Nº Proposta	17	Data	13/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Prensa Abdón Dorca Santos		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Publicación dunha páxina publicitaria en especial sobre o turismo en Barbanza	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000649		
Importe (IVE incluído):	2.178,00 €		
Observacións			

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (OBRADOIRO DE VERÁN EN DANZA RIVEIRA 2016).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 13/06/2016, no que solicita a aprobación de prezo público para a celebración da actividade denominada “Verán en Danza Riveira 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.-Aprobar a celebración do programa Obradoiro de Verán en Danza de Riveira 2016

2.- A aprobación dos prezos públicos sinalados para cada grupo:

- Obradoiro “Verán en Danza” Grupo Danza Clásica 1 Nivel Intermedio:

(do 4 ao 28 de xullo de 2016 en Riveira). Participantes con coñecementos de danza da Escola Municipal de Ballet e novos participantes desde 8 anos. Agrupamento máximo de 25 participantes. **Prezo de Matrícula: 15,00 €.**


- Obradoiro “Verán en Danza” Grupo Danza Clásica 2 Nivel Avanzado:

(do 4 ao 28 de xullo de 2016 en Riveira). Participantes con coñecementos de danza da Escola Municipal de Ballet e novos participantes desde 12 anos. Agrupamento máximo de 25 participantes. **Prezo de Matrícula: 20,00 €.**

3.- Aprobar os prazos de preinscrición e matriculación establecidos na citada proposta.

4.- Aprobar a reserva do 10% das prazas do obradoiro para emerxencia social según se establece na proposta.

5.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado





III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE GÁNDARA A CAMPO DE PATAS (RIVEIRA-PORTO DO SON)".

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **"Pavimentación do vial de Gándara a Campo de Patas (Riveira-Porto do Son)"**.

A actuación conta co financiamento da Unión Europea (Fondos Feader), do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo notificación da resolución de concesión de subvención da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/05/2016, co número 5200.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/06/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2.- Proxecto técnico para realizar as obras, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en xaneiro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 75.612,14 euros (valor estimado do contrato: 62.489,37 euros; IVE 21%: 13.122,77 euros) e cun prazo de execución de 2 meses.
- 3.- Certificado expedido polo secretario do Concello de Porto do Son José Manuel González García na data 26/01/2016, no que manifesta que as actuacións recollidas no proxecto, na parte correspondente ao Concello de Porto do Son, vanse a realizar en camiños de uso e dominio público de titularidade municipal pertencentes á rede viaria municipal, sendo o concello o encargado do seu mantemento, e están dispoñibles para o desenvolvemento do citado proxecto.
- 4.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/01/2016, no que manifesta que as actuacións recollidas no proxecto, na parte correspondente ao Concello de Riveira, vanse a realizar en camiños de uso e dominio público de titularidade municipal pertencentes á rede viaria municipal, sendo o concello o encargado do seu mantemento, e están dispoñibles para o desenvolvemento do citado proxecto.
- 5.- Certificado da Resolución ditada polo alcalde do Concello de Porto do Son José Luis Ojujo Pouso na data 30/05/2016, de aprobación do proxecto.
- 6.- Certificado expedido pola interventora do Concello de Porto do Son María del Mar Lirola Delgado na data 23/05/2016, de existencia de crédito.
- 7.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/06/2016, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de



14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), manifestando que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

- 8.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/06/2016, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 9.- Informe de viabilidade asinado polo aparellador municipal Jesús García Ramos na data 14/06/2016, no que manifesta que o trazado da vía obxecto da obra discorre en terreo clasificado no PXOM como “solo rústico”, que non precisa autorizacións, e conclúe manifestando que a categoría do solo permite a obra proxectada e que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- 10.- Documento contable “RC” expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 15/06/2016 (número de operación 2016 22008358), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61908.
- 11.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/06/2016.
- 12.- Informe xurídico emitido polo secretario Juan Manuel Salguero del Valle na data 15/06/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 13.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 15/06/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.



De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Vistos os artigos 110, 115 e 121 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico para realizar as obras de “Pavimentación do vial de Gándara a Campo de Patas (Riveira-Porto do Son)”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en xaneiro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 75.612,14 euros (valor estimado do contrato: 62.489,37 euros; IVE 21%: 13.122,77 euros) e cun prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto citado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **453.61908**.


QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).


SEXTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co establecido no artigo 178.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a **adxudicación realizarase previa solicitude de ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.**

2.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DO FIRME DO VIAL LIXÓ-OS MUÍÑOS (OLEIROS-RIVEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Mellora do firme do vial Lixó-Os Muíños (Oleiros-Riveira)”.

A actuación está subvencionada ao abeiro do Plan marco:mellora de camiños






municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, segundo notificación da resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 25/05/2016, co número 6184.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/06/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2.- Proxecto técnico para realizar as obras, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en febreiro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 65.336,83 euros (valor estimado do contrato: 53.997,38 euros; IVE 21%: 11.339,45 euros) e cun prazo de execución de 1,5 meses.
- 3.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/03/2016, no que indica que as actuacións vanse a realizar en terreos de uso e dominio público de titularidade municipal e están dispoñibles para o desenvolvemento do citado proxecto.
- 4.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 08/06/2016, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), manifestando que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 5.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 08/06/2016, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 6.- Informe de viabilidade asinado polo aparellador municipal Jesús García Ramos na data 09/06/2016, no que manifesta que o trazado da vía obxecto da obra discorre en terreo clasificado no PXOM como "solo de núcleo rural e rústico", que non precisa autorizacións, e conclúe manifestando que a categoría do solo permite a obra proxectada e que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- 7.- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 15/06/2016 (número de operación 2016 22008359), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61909.
- 8.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

adxudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruíz Rivas na data 13/06/2016.

9.- Informe xurídico emitido polo secretario Juan Manuel Salguero del Valle na data 15/06/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

10.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 15/06/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Vistos os artigos 110, 115 e 121 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto técnico para realizar as obras de "Mellora do firme do vial Lixó-Os Muíños (Oleiros-Riveira)", redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en febreiro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 65.336,83 euros (valor estimado do contrato: 53.997,38 euros; IVE 21%: 11.339,45 euros) e cun prazo de execución de 1,5 meses.

SEGUNDO.- Aprobado o expediente de contratación das obras do proxecto citado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

CUARTO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **453.61909**.





QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co establecido no artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **a adxudicación realizarase previa solicitude de ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato**, sempre que iso sexa posible.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Miguel Muñiz Ventoso**, de datas 02/05/2016 e 27/05/2016 (Rexistros de entrada nº 5.046 e 6.375), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de semisoto, planta baixa e baixocuberta, no Lugar da Mámoa, Estrada a Laxes, Carreira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A017007070000KW.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 31/05/2016, no informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 01/06/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/06/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**




Primeiro.- CONCEDER a Miguel Muñiz Ventoso **LICENZA DE OBRAS (Nº 38/16)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no Lugar da Mámoa, Estrada a Laxes, Carreira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A017007070000KW, nos termos do Proxecto Básico de abril de 2016, Plano nº 2 Modificado de maio de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín:

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxa sita ao longo do vial, refléxase unha superficie de cesión en total de 50,00 m²), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 163,35 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.






- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.


Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Luis M. Romasanta López**, de data 07/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7.116), no que solicita información urbanística en relación a parcela con referencia catastral nº 15074 A051003800000.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 10/06/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral nº 15074 A051003800000

Se solicita informe sobre si a finca arriba mencionada está incluída dentro de las mencionadas en el artículo 31.1 de la Ley del Suelo de Galicia (2/2016)

En el Plan General de Ordenación Municipal de Riveira, la finca está clasificada como Suelo Rústico Común, con lo que se puede afirmar que cumple el citado artículo de la Ley del Suelo de Galicia.

2.- Visto o escrito presentado por **Basilio Luis Vidal Laranga**, de data 10/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7.374), no que solicita información urbanística en relación a parcela con referencia catastral nº 15074 A938003470000UE.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 10/06/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral nº 15074 A938003470000UE

Se solicita informe sobre si la finca arriba mencionada está incluída dentro de las mencionadas en el artículo 31.1 de la Ley del Suelo de Galicia (2/2016)

En el Plan General de Ordenación Municipal de Riveira, la finca está clasificada como Suelo Rústico Común, con lo que se puede afirmar que cumple el citado artículo de la Ley del Suelo de Galicia.

3.- Visto o escrito presentado por **Antonio Abeleira Cedeira**, de data 24/05/2016 (Rexistro de entrada nº 6.033), no que solicita que en relación á obras executada pola promotora Promociones y Construcciones Inmobiliarias Seiseme, S.L.U. con licenza municipal de obras nº 72/07 para construción de 3 vivendas unifamiliares en tres parcelas no Lugar da Igrexa, Olveira, Riveira, se emita certificado de que non existe expediente disciplinario aberto contra dita obra.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/06/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente ningún expediente de infracción urbanística a nome de promotora PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES INMOBILIARIAS SEISEME, S.L.U. que afecte as edificacións sitas no Lugar da Igrexa,



Olveira, Riveira, en relación á licenza municipal de obras nº 72/07 para construción de 3 vivendas unifamiliares.

4.- Visto o escrito presentado por **José Ángel Muñiz González**, de data 31/05/2016 (Rexistro de entrada nº 6.471), no que solicita información urbanística que en relación á vivenda da súa propiedade sita na Rúa da Habana existe acceso rodado.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 15/06/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral nº 0421938NH0102S0001LH

INFORME:

Solicítase por parte do interesado que se emita informe sobre a titularidade do terreo de acceso á súa vivenda, emprazada na rúa da Habana nº 38. A parcela ten asignada a seguinte referencia catastral: 0421938NH0102S0001LH.

En canto ao contido da solicitude debemos de informar o seguinte:

a.- A presente parcela atópase emprazada dentro dun ámbito clasificado polo PXOM de Riveira como solo urbano consolidado, e séndolle de aplicación a ordenanza 6.2. Acompañamos copia do plano de ordenación, onde se sombrea a implantación da parcela e onde se recolle o trazado do viario coas preceptivas aliñacións oficiais.

b.- E por outra banda, e atendendo á natureza da presente petición, debemos de significar que se puido comprobar na documentación obrante ao respecto no Concello, que o citado acceso non figura recollido como terreo de dominio público.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 9/16 INCOADO A ANXO RODRÍGUEZ GARCÍA.

LICENZA DE OBRA Nº 390/08, para construción de vivenda unifamiliar de planta planta baixa e baixocuberta.

AMPLIACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 390/08, en sesión de data 3 de xullo de xuño de 2010 contemplando planta soto.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de vivenda unifamiliar de soto, planta planta baixa e baixocuberta.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B e Solo Rústico Común.

REFª CATASTRAL: 15074A0010000260000KA.

SITUACIÓN: Lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira.

PROMOTOR/A: Anxo Rodríguez García.



PROXECTO: Proxecto Básico de planta baixa, planta primeira visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de marzo de 2008 / Modificado de Proxecto Básico e de Execución de planta baixa, planta primeira visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de xuño de 2008 / Modificado de Proxecto Básico e de Execución de sótano planta baixa e baixocuberta visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de abril de 2010 e no Anexo de Memoria a Planos G-01, A-01, A-02, A-03 e I-01 visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de maio de 2010.

AUTOR/A PROXECTO: Sergio Lucio Paniccia.

DOCUMENTACIÓN COMUNICACIÓN DE OBRAS: Pavimentación de acceso e rampa soto / Prolongación de peche existente mediante postes metálicos e malla / Muros laterales de entrada a soto, (constan informes favorables do Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos).

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 5.11.10, asinados polo Arquitecto Sergio Lucio Paniccia e polo Arquitecto Técnico Gerardo Piñeiro Pérez / Acta de Recepción de Edificio Terminado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10 / Xustificante do Catastro de Alta no IBI.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO


1.- Por María Olveira Blanco e Anxo Rodríguez García, solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 15.4.08, (Rexistros de entrada nº 7.529), licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira.


2.- A parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B E SOLO RÚSTICO COMÚN**.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xuño de 2008 acordou por unanimidade **CONCEDER a María Olveira Blanco e a Anxo Rodríguez García LICENZA DE OBRAS Nº 390/08 para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira nos termos do Proxecto Básico de planta baixa, planta primeira visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de marzo de 2008 e do Modificado de Proxecto Básico e de Execución de planta baixa, planta primeira visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de xuño de 2008 redactados por Sergio Lucio Paniccia.**

4.- Posteriormente por María Olveira Blanco e Anxo Rodríguez García, solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 29.4.10, (Rexistros de entrada nº 5.962), a modificación da licenza de obra nº 390/08 para contemplar o soto na vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira.

5.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de xuño de 2010 acordou por unanimidade a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 390/08 nos termos contemplados no Modificado de Proxecto Básico e de Execución de sótano planta baixa e baixocuberta visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de abril de**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

2010 e no Anexo de Memoria a Planos G-01, A-01, A-02, A-03 e I-01 visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 27 de maio de 2010 redactados por Sergio Lucio Paniccia.

6.- Con posterioridade e como consecuencia das actuacións de inspección realizadas pola Policía Local de Riveira, faise constar en informes emitidos en outubro de 2012, así como en maio outubro e novembro de 2015 que no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira, se están levando a cabo obras promovidas polo Sr. Anxo Rodríguez García, NON AUTORIZADAS POLA LICENZA DE OBRA Nº 390/08 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xuño de 2008 NIN POLA POSTERIOR MODIFICACIÓN concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de xuño de 2010.

Asimismo en relación ao expediente de referencia consta informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete de data 19 de outubro de 2012 no que sinala *"que as obras realizadas no se ajustan a las condiciones de proyecto, no estando amparadas por la licencia nº 390/08 ni por la modificación posterior de la misma."*

7.- Consta no expediente en escrito presentado polo Sr. Anxo Rodríguez García rexistrado de entrada na data 5.11.15, (Rexistro de entrada nº 11.305), no que achega informe técnico redactado polo técnico Gerardo Piñeiro Pérez de data 30 de outubro de 2015 no que sinala a existencia de filtracións de auga na planta soto.

8.- Consta asimismo no expediente sendas denuncias urbanísticas presentada pola Sra. María Olveira Blanco rexistradas de entrada no Concello nas datas 4 de decembro de 2012 e 13 de novembro de 2015, (Rexistro de entrada nº 16.172 e 11.770 respectivamente), no que expón que *"los hechos denunciados consisten en la ejecución de una serie de obras en el lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira, sin la preceptiva licencia municipal, concretamente se está ejecutando un muro de contención, un cierre perimetral, una acera y rampa de acceso al garaje";* así como que *"el Sr. Anxo Rodríguez García dispone de suministro de agua, de alcantarillado, y de basuras, sin haber contratado ningún servicio, además de no disponer de la licencia de primera ocupación"*.

9.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Anxo Rodríguez García na data 9 de decembro de 2015 e á Sra. María Olveira Blanco na data 4 de decembro de 2015.

10.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

11.- Notificado este emprazamento o Sr. Anxo Rodríguez García presenta:

En escrito rexistrado de entrada na data 22.12.15, (Rexistro de entrada nº 16.040), comunicación de obra para executar pavimentación de acceso e rampa



soto, consta no expediente informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 23 de decembro de 2015 no que fai constar que efectuada a comprobación documental ésta é adecuada á normativa.

En escrito rexistrado de entrada na data 22.12.15, (Rexistro de entrada nº 13.041), comunicación de obra para executar prolongación de peche existente mediante postes metálicos e malla, consta no expediente informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 23 de decembro de 2015 no que fai constar que efectuada a comprobación documental ésta é adecuada á normativa.

En escrito rexistrado de entrada na data 22.12.15, (Rexistro de entrada nº 13.042), comunicación de obra para executar muros laterales de entrada a soto, consta no expediente informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 12 de xaneiro de 2016 no que fai constar que efectuada a comprobación documental ésta é adecuada á normativa.

12.- Posteriormente pola Sra. María Olveira Blanco preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 29.2.16 21.3.16, (Rexistros de entrada nº 1.906 e 2.906), sendas denuncias urbanísticas.

13.- Posteriormente polo Sr. Anxo Rodríguez García en escritos rexistrados de entrada nas datas 17.12.15 e 24.2.16, (Rexistro de entrada nº 12.912 e 1.767), solicítase licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e baixocuberta construída ao amparo da licenza nº 390/08 sita no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A0010000260000KA, achegándose **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, de data 5.11.10, asinados polo Arquitecto Sergio Lucio Paniccia e polo Arquitecto Técnico Gerardo Piñeiro Pérez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10, así como **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**.


14.- No caso que nos ocupa o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación na data 27 de abril de 2016 facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente:

“
(...)”

Se visita la obra el día 27 de abril de 2016.

De las comprobaciones realizadas se puede concluir que la edificación se ajusta a proyecto y condiciones de licencia.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Primeiro.- A suspensión dos actos de edificación é unha medida cautelar de carácter obrigatorio para a Administración, que deberá adoptar cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas na mesma.

Para a súa adopción é preciso ter en conta un criterio de comparación e ponderación das lesivas consecuencias que ós respectivos intereses enfrentados traerá a adopción de tal medida cautelar, segundo dispón o artigo 72 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que regula os principios xerais das medidas provisionais ou cautelares, sendo a finalidade das mesmas asegurar a eficacia da resolución administrativa que puidera recaer.

Así mesmo, as medidas cautelares ou provisionais poden ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

Segundo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.


Terceiro.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

Cuarto.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxuício do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

- Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

- Que sexa susceptible de utilización independente.

- Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.


2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

Quinto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Sexto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.



Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, e atendendo ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 28 de abril de 2016, e o informe emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 30/05/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Anxo Rodríguez García **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e baixocuberta construída ó amparo da licenza nº 390/08 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xuño de 2008 e posteriormente ampliada en sesión de data 3 de xuño de 2010 sita no lugar de Outeiro nº 24, Artes, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A0010000260000KA, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, de data 5.11.10, asinados polo Arquitecto Sergio Lucio Paniccia e polo Arquitecto Técnico Gerardo Piñeiro Pérez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11.11.10, así como **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**.


Segundo.- DISPOÑER o ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 9/16 incoado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 30 de novembro de 2015.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados entendendo como tal ao Sr. Anxo Rodríguez García e a Sra. María Olveira Blanco en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Quinto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido pola Xunta Superior de Facenda – Consellería de Facenda, de data 15/04/2016, rexistrado de entrada en data 27/04/2016 co número 4.862, no que achega copia da resolución ditada pola Xunta Superior de Facenda en data 08/04/2016, pola que se desestima a reclamación económica administrativa nº 6397-C-13/09 presentada polo Concello de Riveira contra a resolución nº 073/073/S/8 ditada por Augas de Galicia, de data 21/11/2012, e pola que se declara responsable ao Concello de Riveira da comisión de 14 infraccións tributarias graves e 15 infraccións leves en materia de canon de saneamento, e impón unha sanción de 101.805,82 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra resolución da reclamación económico administrativa nº 6397-C-13/09, ditada pola Xunta Superior de Facenda en data 08/04/2016

Segundo.- Designar:

Avogado: Manuel Rodríguez Rodríguez.

Procurador: Rita Goimil Martínez e José Manuel del Río Sánchez.

Para que se persoen en defensa dos intereses deste Concello e exerciten en consecuencia tódalas accións e actuacións que procedan neste procedemento. Notifíquese aos interesados para os efectos oportunos. Entenderase que aceptan a designación se non manifestan o contrario ó ser notificados.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 184/2016 remitida polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 23/05/2016, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento Abreviado 379/2014 – Procedemento Ordinario 379/2014) interposto por Basilio Vidal Sampedro contra contra a resolución de 29/05/2014



desestimatoria do recurso de reposición plantexado polo agora recurrente (e estimatoria do formulado por Elena Rey Martínez) contra a resolución de 16/01/2014 que denegaba a legalización de obra no lugar de Carballal, nº 1 (Riveira).

3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIVEIRA.

Vistos os antecedentes obrantes na Secretaría Xeral do Concello de Riveira en relación co expediente de referencia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Aprobar o “Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ribeira para a execución das actuacións de saneamento na parroquia de Santa María de Olveira, Concello de Ribeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no Marco de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020”

4.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Mercados**, M^a Esther Patiño Rey, de data 15/06/2016, na que solicita autorización para a apertura do Mercado Municipal de Palmeira o día 24/06/2016 coincidindo coa celebración do mercadiño en Palmeira e coa festividade de San Xoán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a apertura do Mercado Municipal de Palmeira o día 24/06/2016.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 16 de xuño de 2016

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle